

DECRETO

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SERVIZOS CONCILIA NADAL 2025 E CONCILIA ANTROIDO E CONCILIA PASCUA 2026

EXPEDIENTE: 2025/G003/000746

ANTECEDENTES:

Figura no expediente a providencia de inicio do 30/10/2025 para a tramitación da convocatoria de prazas para as actividades de Concilia Nadal 2025, e de Concilia Antroido e Pascua 2026.

Á vista do informe técnico do departamento de Servizos Sociais do 30/10/2025 coa proposta de procedemento para a xestión das distintas convocatorias, **RESOLVÍN:**

1º) Aprobar a proposta de procedemento para a xestión da convocatoria de prazas para actividades de conciliación Concilia Nadal 2025, Concilia Antroido e Concilia Pascua 2026, que figuran como anexo I desta resolución.

2º) Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Servizos Sociais para os efectos oportunos.

ANEXO I.

"Tendo en conta a Providencia de Alcaldía de data 30/10/2025, na que se insta a iniciar o procedemento de convocatoria de prazas para as actividades de conciliación correspondentes a Concilia Nadal 2025, e Concilia Antroido e Concilia Pascua 2026, realízase a seguinte PROPOSTA:

1. ACTIVIDADES: desenvolvemento de obradoiros de carácter lúdico incluídos no contrato de servizos asinado coa empresa "Somos Enredos" en data 04/06/2025

DATAS, HORARIOS E LUGAR DE DESENVOLVEMENTO:

ACTIVIDADE	DATAS	TOTAL DÍAS	Nº ESTIMADO DE USUARIOS	PREZO
NADAL 2025	22, 23, 24, 26, 29, 30 e 31 de decembro de 2025, e 2, 5 e 7 de xaneiro de 2026	10	40	O establecido como prezo público para cada quenda
ANTROIDO 2026	16, 17 e 18 de marzo de 2026	3	30	
PASCUA 2026	30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril	4	30	

As actividades desenvolveranse no Pavillón Polideportivo Municipal, en horario de 8:00 a 15:00 horas, podendo reducirse por falta de demanda.

2. REQUISITOS DE ACCESO:

- Crianzas nadas entre os anos 2013 e 2022, ambos incluídos, e estén escolarizados.
- Tanto as persoas solicitantes como os menores para os que se solicita a praza deben estar empadroados/as no Concello de Brión con anterioridade á convocatoria de prazas.
- Pagamento do correspondente prezo público.

3. CRITERIOS DE PRIORIDADE NO ACCESO: no caso de excederse o número de solicitudes de participación respecto das prazas convocadas, establecerase o seguinte orde de prioridade:

1º- NECESIDADE DE CONCILIAR: crianzas pertencentes a unidades familiares que podan documentar a ocupación de ambos proxenitores durante os días e horarios de celebración das actividades solicitadas, ou a adicación do responsable non empregado, no coidado de menores de 3 anos non escolarizados, ou persoas dependentes en grado III.

2º- Criterios de prioridade recollidos na norma reguladora do "PLAN CORRESPONSABLES" (Resolución do 29 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral de Igualdade), a saber: familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero, unidades familiares con outras cargas relacionadas cos coidados.

3º- Orde de menor a maior RENDA PER CÁPITA

4. RECURSOS NECESARIOS:

- Monitoraxe, material, seguros ... incluídos no contrato de xestión con "Somos Enredos"
- Aluguer de equipo de aire quente, necesario só si as temperaturas o requiren. Incluído no contrato de xestión con "Somos Enredos"
- Uso das instalacións do pavillón polideportivo municipal (reservado)
- Persoal Técnico Municipal: de atoparse incorporada a persoa que debe exercer como técnico responsable segundo atribucións na materia (axente de igualdade), este será o técnico municipal responsable. De non ser así, a función será desenvolvida polo persoal técnico adscrito actualmente ao departamento municipal de Servizos Sociais.
- Servizos Administrativos:
 - Servizos municipais de comunicación e publicidade (páxina web e Brión Informa)
 - Rexistro auxiliar de Servizos Sociais: para a recepción, e traslado de solicitudes de participación.
 - Apoio administrativo para comprobación, ordenación e documentación de solicitudes, comunicación cos solicitantes, e asistencia a técnicos.

5. PROCEDEMENTO:

INSCRICIÓNS:

- Preferentemente por vía telemática na sede electrónica do Concello de Brión (apartado: servizos sociais - solicitude de inscrición en actividades de conciliación)
- Presencialmente no rexistro auxiliar do Centro Social Polivalente de 9:00 a 14:00h, ou en calquera, outro rexistro recollido para tal fin na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

OBRIGATORIA:

- ANEXO I-SOLICITUDE (colgado na sede electrónica e na web do concello)
- Libro de familia ou partida de nacemento da persoa participante
- Tarxeta sanitaria da persoa participante
- Informe médico no caso de ser preciso
- Xustificación de ingresos 2024 (IRPF, xustificantes doutros ingresos...)

OPCIONAL:

- ANEXO II-NECESIDADE DE CONCILIAR (na sede electrónica e na web do concello)
- Certificado de Familia Monoparental
- Acreditación de vítima de violencia de xénero

Cando a persoa solicitante alegue ter aportado documentación en convocatorias anteriores de Conciliación que se manteña actualizada, poderá non presentala novamente.

6. PREVISIÓN DE CALENDARIO:

NADAL 2025:

- Inserción de información pública: entre o 12 e 14 de novembro (web e taboeiro de anuncios e bandomóvil)
- Prazo de inscrición mediante rexistro: 17 ao 26 de novembro
- Publicación listaxe provisional de admisión: 2 de decembro
- Publicación listaxe definitiva: 12 a 15 de decembro
- Pago de cotas de participación: 2 ao 17 de decembro
- Comezo da actividade: 22 de decembro

ANTROIDO e PASCUA 2026

- Inserción de información pública: entre o 4 e 6 de (web e taboeiro de anuncios e bandomóvil)
- Prazo de inscrición mediante rexistro: do 9 ao 20 de febreiro

- Publicación listaxe provisional de admisión: 25 de febreiro
- Publicación listaxe definitiva: 9 de marzo
- Pago de cotas de participación:
 - 27 de febreiro ao 11 de marzo para Antroido
 - 27 de febreiro ao 23 de marzo para Pascua
- Comezo da actividade:
 - 16 de marzo para Antroido
 - 30 de marzo para Pascua"